

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 80

Sesión plenaria
10 de maio de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia (doc. R.S. núm. 9117, publicado no BOPG núm. 315, fascículo 1, do 4 de maio de 2022)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás nove e media da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Eduardo Ojea Arias. (Páx. 4.)

O señor Ojea Arias presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 4.)

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente rógalle á señora secretaria da Mesa do Parlamento que dea lectura á Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 3 de maio de 2022, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. (Páx. 4.)

A señora secretaria da Mesa (Porro Martínez) le a devandita resolución. (Páx. 5.)

Antes de dar paso á intervención do candidato, o señor presidente expón o procedemento da sesión. (Páx. 5.)

O señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela, expón o seu programa. (Páx. 6.)

Suspéndese a sesión ás dez e corenta e oito minutos da mañá.



Ábrese a sesión ás nove e media da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non están xustificadas inasistencias e entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Eduardo Ojea Arias.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado. Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Prégolle, polo tanto, que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Don Eduardo Ojea Arias, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor OJEA ARIAS: Si, prometo. Desde Valdeorras, terra de Florencio Delgado Gurriarán, prometo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez prestada a súa promesa adquire a condición plena de deputado.

Moitas grazas e benvido ao Parlamento. (*Aplausos.*)

E agora entramos xa no que é a orde do día.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE: Rógolle á secretaria, señora Porro Martínez, que dea lectura á resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 3 de maio de 2022, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.



Cando queira.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 3 de maio de 2022, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

«O Estatuto de autonomía de Galicia, no punto terceiro do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e 136, no seu punto primeiro, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia propón á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ao deputado don Alfonso Rueda Valenzuela.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022.

Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A explicación do procedemento é a seguinte.

Corresponde, en primeiro lugar, a intervención do candidato sen límite de tempo para a exposición do seu programa de goberno. Rematada a súa intervención, suspenderase a sesión por un tempo mínimo de corenta e oito horas, conforme co disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara.

A sesión reiniciarase o xoves, día 12 de maio de 2022. Todo isto vai depender da hora en que remate a intervención do candidato. Comezarase coa intervención, ese día 12, dos representantes dos grupos parlamentarios e de menor a maior, que —consonte o acordado pola Mesa-Xunta de Portavoces o día 5 de maio— disporán dun tempo de trinta e cinco minutos por grupo parlamentario, seguida da resposta do candidato, individualizada ou conxuntamente, conforme o disposto no artigo 136 do Regulamento da Cámara, e sen límite de tempo. A continuación corresponde a rolda de réplica dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos, de acordo co disposto no artigo 136.4 do Regulamento. E, finalmente, a rolda de dúplica e peche polo candidato, tamén sen límite de tempo.

Anunciarase a hora de votación en cumprimento do disposto no artigo 136.5 do Regulamento, e levarase a cabo despois da derradeira intervención do candidato. E, por último, procederase á votación e proclamación do resultado.

Por todo isto, e para a exposición do programa polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia —sen límite de tempo, segundo o artigo 136.2 do Regulamento—, ten a palabra o candidato don Alfonso Rueda Valenzuela.



O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Presidente do Parlamento, señoras e señores deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG e do Grupo Socialista, convidados presentes na Cámara, medios de comunicación, galegos e galegas, hoxe quero falar desde a experiencia que me dan todos estes anos de servizo a Galicia; primeiro, como empregado público; despois, como alto cargo da Administración autonómica; e, finalmente, tras trece anos como membro do Goberno da nosa comunidade.

Quero falar tamén desde a responsabilidade que supón asumir unha institución como a Xunta de Galicia, decisiva para aliviar as dificultades e reforzar as certezas das galegas e dos galegos, e tamén desde a esperanza coa que afronto o futuro de Galicia, pois creo que, se facemos o correcto, os nosos fillos e netos herdarán unha terra máis próspera que a que asumiron e asumimos as xeracións anteriores. Polo tanto, desde a experiencia, a responsabilidade e a esperanza comparezo ante este Parlamento para solicitar o seu respaldo e ser o próximo presidente da Xunta de Galicia.

Pido a confianza da Cámara na que reside a vontade popular de todas as galegas e galegos, que hai menos de dous anos decidiron libre e democraticamente que a nosa terra gozase dunha maioría, dunha estabilidade e dunha continuidade sen equivalente en España.

O presidente Albor falaba de Galicia como tarefa inacabada que nos leva, que nos cría, que nos ata e que nos dá nome, que nos fai libres e que nos compromete. O presidente Laxe chamaba os gobernantes desta comunidade a estar á altura da intelixencia e da sensibilidade das súas xentes traballadoras. O presidente Fraga recordaba que Galicia exige honradez de todos e con todos, honradez política, administrativa, cultural e tamén seriedade persoal. O presidente Touriño proclamou que Galicia está en condicións de representar un papel moito máis protagonista e de contribuír de forma importante á definición do proxecto común de España. E, finalmente, o presidente Feijóo afirmou que esta terra lle ensinou a admirar unha xente educada na tolerancia e no diálogo: «Gobernar consiste en dialogar», dicía o presidente Feijóo.

Señorías, de todos eles hai leccións que aprender, dos presidentes cos que traballei, tamén dos presidentes cos que discrepei e tamén dos que iniciaron a nosa andaina autonómica, cando todo aínda estaba por facer.

Desde a primeira sesión de investidura ata esta, moitas cousas mudaron, comezando pola propia sede deste Parlamento. Tanto no pazo de Xelmírez como no pazo de Fonseca e agora neste do Hórreo os representantes dos galegos fomos evolucionando ao compás do noso pobo. Pero eu creo que hai algo que se mantén inmutable desde aqueles primeiros momentos: o compromiso, a conciencia e a vontade de servir. Daquela e tamén agora Galicia mantivo unhas institucións á altura do que merecen os galegos, por iso afrontamos os retos máis grandes —e este no que estamos sen dúbida o é— cunha serenidade que en case todos os demais lugares sería inconcibible.

Quero ser presidente da Xunta de Galicia para afondar nos acertos que tivo a nosa terra nestes corenta anos, e tamén para tentar mellorar aquilo que aínda pode facerse mellor. Pero non hai máis que mirar cara a atrás ou simplemente cara a fóra para apreciar na súa xusta



medida os logros que este pobo colectivamente ten acadado —sen triunfalismos desmedidos pero tamén sen flaxelacións inxustificadas—. Máis adiante parareime nos retos e nas ameazas que ao meu xuízo caracterizan o futuro de Galicia, pero antes de nada debo subliñar a miña prioridade. Quero, ante todo e sobre todo, que Galicia siga sendo un referente desa normalidade excepcional coa que marcamos o rumbo do resto de España. *(Aplausos.)*

Poucos feitos, señorías, simbolizan mellor esa vocación de Galicia de servir de referente da política nacional que a causa que nos trae hoxe a esta sesión de investidura. Se hoxe estamos aquí é porque toda España leva, levaba, anos mirando con atención cara ao que sucedía en Galicia. A normalidade de que un presidente leve no seu posto trece anos tras catro maiorías absolutas resulta hoxe, señorías, excepcional. A normalidade dunha Cámara na que non teñen sitio os populismos, nin os de esquerdas nin os de dereitas, resulta hoxe tamén excepcional. A normalidade de que se aproben en tempo e forma uns orzamentos e de que se manteña a estabilidade dun goberno sen ter que subastar segredos oficiais nin outorgar concesións infinitas a uns nacionalismos que sempre van ser insaciabes resulta tamén hoxe excepcional. A normalidade de ser a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda nestes anos, de non precisar xamais dun rescate do Goberno central e non gastar máis cartos públicos dos que temos tamén hoxe resulta excepcional. En definitiva, señorías, a normalidade que supón para os galegos contar cun goberno sensato e previsible, que procura crear certezas e non multiplicar as preocupacións, para moitos españois segue resultando hoxe excepcional.

Ao presidente Feijóo non se lle concedeu a fortuna de gobernar en tempos calmos, nin moito menos. O presidente Feijóo curtiuse nalgúns dos momentos máis complicados da Galicia das últimas décadas. Señorías, eu, durante os meus anos de formación, estudei o que era o servizo público. Pero —teño que dicilo— con Feijóo aprendín o verdadeiro significado do servizo público. *(Aplausos.)* Co paso que vén de dar, sitúa unha vez máis os intereses de todos por riba dos seus propios e lexítimos intereses. Os galegos confiamos en que, sexa cal sexa a responsabilidade que lle toque asumir nos próximos anos, onde quer que o leve a vontade dos españois, Alberto Núñez Feijóo seguirá sendo sempre un servidor de Galicia. *(Aplausos.)* E se solicito o apoio desta Cámara para ser presidente da Xunta é tamén porque quero seguir o exemplo dun galego exemplar. De corazón, presidente, grazas. *(Aplausos.)*

Señorías, a Galicia de 2022 caracterízase por un estilo propio de facer política, sen ningunha dúbida, un xeito que se foi labrando ao longo de trece anos de coherencia, de ser fieis a nós mesmos e non deixarnos levar por modas efémeras que parece que van levalo todo por diante pero que, ao marchar, o certo é que deixan un escaso legado detrás. Nestes anos logramos manter a confianza dos galegos no seu goberno autonómico. É certo que fomos parcos en promesas pero prolíficos en cumprimentos, cando a tendencia na nosa contorna era facelo xustamente á inversa.

Hoxe gustaríame facer un chamamento a todas as forzas políticas desta Cámara, e tamén ás que non teñen representación aquí —ben porque a tiveron e a perderon, ben porque nunca a tiveron pero coas que lexitimamente poden tamén sentirse representados algúns galegos—. Quérolles pedir que entre todos sigamos facendo política galega, que non é practicar unha ideoloxía concreta senón subordinar os principios propios aos intereses xerais. Man-



teñamos, señorías, as institucións como valor refuxio para ofrecer a seguridade e continuidade que reclaman os cidadáns nuns tempos coma estes tan complicados. Centremos o debate nas preocupacións cotiás dos cidadáns —crear emprego, mellorar as economías domésticas, protexer as familias e as persoas— en lugar de centralo en cuestións que, de tan gasosas e teóricas, poucos as comprenden e aínda menos as comparten. Fuxamos, polo tanto, de adanismos e de dogmas. Ningunha idea, señoría, por desexable que poida parecer, vai ser máis valiosa que o benestar das persoas. En definitiva, sigamos tomando as decisións públicas, que afectan non só a quen as toma senón especialmente o conxunto da xente que as recibe, desde o sentidiño. O gradual será sempre mellor que o drástico, o moderado será sempre mellor que o extremo, e o consensuado sempre é mellor que aquilo que vén imposto. Nin bloques nin bloqueos, sempre, e ante todo, os intereses xerais dos galegos. *(Aplausos.)*

Estes principios reitores foron os que guiaron a nosa acción política desde o ano 2009. A aplicación práctica de todos eles axudounos —baixo o meu humilde punto de vista, que creo que moita xente o comparte— a que hoxe Galicia sexa un lugar mellor para vivir do que era hai trece anos. Durante estes anos, a nosa comunidade logrou manter a súa arquitectura institucional a salvo da gran inestabilidade que reinou noutros lugares.

Ao principio da nosa andaina no Goberno autonómico hai trece anos, eu recordo as duras críticas que nos dedicaban os representantes da oposición —algúns e algunhas delas continúan neste hemiciclo—. Criticábannos pola política de racionalización das contas públicas e de eliminación do gasto político que implantamos especialmente nos primeiros anos. Obviamente, a implantación non foi por capricho. A decisión fácil —todo o mundo o pode imaxinar— sería seguir gastando e con iso engrosar as facturas sen pagar que, cando accedemos ao Goberno, poboaban os caixóns.

Pero entendíamos que o sensato era intentar deixar canto antes Galicia libre de cargas e de hipotecas para que puidera decidir por si mesma o seu futuro, gobernase quen gobernase. E isto debería ser unha teima e unha máxima de calquera goberno. Os galegos premiaron a nosa determinación e decidiron, sempre que foron consultados —por catro veces—, que continuásemos xuntos polo mesmo vieiro. Señorías, as receitas e as fórmulas que propuñan os que presumen de ser máis galeguistas e máis nacionalistas ca ninguén terían desembochado —e que a ninguén lle caiba ningunha dúbida— nunha segura intervención por parte do Goberno central, como lles pasou a todas as demais comunidades de réxime común naquel momento. Nós, en cambio, preservamos a nosa autonomía grazas precisamente á boa saúde das nosas contas.

E Galicia non é só a comunidade que menos incrementou a súa débeda desde 2009. Tamén somos a terceira de toda España cunha menor ratio de endebedamento. Aforramos en xuros case 400 millóns de euros que puidemos, polo tanto, investir nos galegos. Cada ano aprobabamos un orzamento. Isto é algo que debería ser normal na vida das administracións pero que hoxe tamén se converteu en algo excepcional, extraordinario —basta con mirarmos ao redor—. Cada mes fomos reforzando o gasto produtivo, e hoxe Galicia duplica a media nacional de gasto en investimentos. Cada día pagamos con axilidade aos particulares e empresas que son provedores da Xunta, e hoxe seguimos sendo unha das comunidades que máis rápido paga.



Polo tanto, señorías, se obteño a confianza desta Cámara, afrontarei unha situación —son consciente— moi distinta á que atopamos en 2009: agora somos unha comunidade saneada, con menos da metade dos entes instrumentais que había e con capacidade, polo tanto, para seguir investindo na mellora de Galicia.

E, desde logo, manter a orde financeira da nosa comunidade non nos impediu ir trasladando ás economías familiares os froitos do crecemento económico. Agora, nesta época que toca facer a declaración da renda, eu creo que é conveniente recordar que cada galego xa está agora mesmo a aforrar unha media de 403 euros neste imposto, grazas ás rebaixas que xa aprobou e está aplicando a Xunta de Galicia. Non só no IRPF, porque os galegos —especialmente os de rendas máis baixas ou que viven no rural— tamén pagan menos ou incluso, nalgún caso, non paga nada no ITP, no imposto de patrimonio e no imposto de sucesións. As cifras falan por si soas: desde 2009, o conxunto das familias galegas aforrou en impostos 1.200 millóns de euros, que foron directamente empregados en mellorar a calidade de vida do conxunto da cidadanía en Galicia.

Pero este camiño non acaba aquí. Nestes anos, a política fiscal de Galicia demostrou ser proporcional e útil para incrementar a riqueza e poñela en mans das familias. E así queremos seguir, señorías. Saben vostedes que o Partido Popular de España, tras escoitar a opinión de expertos economistas, solicitou que se aprobe a nivel nacional unha axuda fiscal para as persoas que, polo seu baixo nivel de renda, se atopan especialmente afectadas pola suba dos prezos. Pois ben, se obteño a confianza desta Cámara, quero anunciar que Galicia non vai esperar polo Goberno central para axudar a todas estas familias. No ano 2023 reduciremos o primeiro tramo do IRPF do 9,4 % ao 9 % e situarémonos como a segunda comunidade autónoma de España con menos impostos para as rendas máis baixas. *(Aplausos.)*

En consecuencia, os galegos cunha base liquidable igual ou inferior aos 12.450 euros deberán pagar un 4,3 % menos, e os de base igual ou inferior a 20.200 aforrarán con esta medida un 2,4 %. Tras esta nova rebaixa fiscal, os impostos para estes fogares serán máis dun 25 % máis baixos do que eran no ano 2009. *(Aplausos.)* E deste xeito seguiremos estando ao carón das familias que máis o necesitan ante a situación que sofren polo grave incremento no prezo dos produtos esenciais por causa da inflación.

Ademais, a partir da declaración do 2023 as familias galegas con dous fillos menores de 25 anos contarán cos mesmos beneficios fiscais, para efectos de IRPF, que disfrutaban no día de hoxe as familias numerosas. Isto vaise traducir nunha dedución de 250 euros no tramo autonómico da cota íntegra do IRPF, que se incrementará en 250 euros extra polo terceiro fillo e cada un dos seguintes, como recoñecemento ao especial esforzo das familias numerosas. As familias con tres fillos poderán aforrar 500 euros, as que teñen catro, 750..., e así sucesivamente.

Non esquezamos, señorías, que, cando falamos de economía e das finanzas públicas, ao que estamos a referirnos sempre é, en primeiro lugar, ao benestar das persoas. Nestes anos incrementouse nun 18,2 % o PIB per cápita de Galicia, a segunda maior subida de toda España. Como consecuencia disto, ata a chegada da pandemia a nosa comunidade estaba máis cerca ca nunca de converxer coa renda nacional. E non me cabe dúbida de que nos próximos anos, e pese ás dificultades, seremos unha terra cada vez máis próspera.



Xa somos líderes do sector naval, o automobilístico afronta o futuro —con todas as incertezas— desde unha posición máis sólida, o sector agrogandeiro xera máis valor engadido ca nunca e o marítimo está batendo récords de exportacións. De feito, nos últimos dez anos o valor da pesca galega medrou un 50 % e en 2021 acadamos o máximo histórico no prezo medio en lonxa do noso peixe e marisco. E queremos seguir por este camiño. As exportacións de Galicia superan xa o récord dos 25.000 millóns de euros. Pero, ademais, o tecido exportador é cada vez máis rico e plural, e xa hai 9.300 empresas que están vendendo fóra os seus produtos.

Os beneficios deste progreso económico trasladáronse ao noso mercado de traballo: hoxe hai máis persoas afiliadas á Seguridade Social que no ano 2009. Hoxe hai 60.000 galegos menos no paro que no ano 2009, o que supón o desemprego máis baixo nesta época do ano desde que existen datos. Hoxe contamos coas mellores cifras de emprego entre as mulleres e a mocidade. Hoxe estamos na cifra máis alta de contratación indefinida de toda a serie histórica, e hoxe tamén somos a comunidade onde máis creceron os salarios desde o ano 2009 —un 32 % desde ese ano—. E, por suposto, somos conscientes de que aínda hai moitos retos sobre a mesa, ¡como non! O noso tecido industrial viuse moi afectado por unha política enerxética nacional que pasou por alto —por dicilo con benevolencia— as prexudiciais consecuencias que ía ter e está tendo a nivel laboral. O baleiro que deixan empresas estratéxicas como Alcoa, Alu Ibérica ou a central de Endesa aínda non foi cuberto. Desde logo, as feridas abertas na Mariña, na Coruña ou nas Pontes tardarán anos en pecharse.

Pero pese ás incertezas —que as hai— e pese aos obstáculos —que os atopamos e atoparemos—, nestes anos logrouse crear emprego de calidade nunha Galicia que non debe deixar de crecer. E a prosperidade que pouco a pouco imos incrementando sería incompleta se os seus froitos non se estivesen repartindo entre o conxunto da sociedade galega. Cando un galego avanza permite que os demais teñan tamén máis oportunidades de avanzar canda el. Polo tanto, a igualdade de oportunidades non debe ser e non pode ser —desde logo non vai ser— unha entelequia. Queda moi ben referirse a ela nos discursos, pero despois gardarse nun caixón. ¡Nin moito menos!, é a meta pola que debemos traballar todas e todos con palabras e tamén con feitos, e desde logo as administracións públicas a través do uso racional e eficaz dos servizos públicos.

E, sen dúbida, o sistema sanitario, como último baluarte de protección da saúde, é un dos ámbitos máis sensibles que existen neste eido. Os cidadáns non esperan da sanidade pública un servizo simplemente correcto; ao contrario, exixen —e teñen todo o dereito a facelo— unha atención que cada día sexa a mellor posible.

Eu creo que nestes anos logramos darlle á sanidade pública un novo impulso moi importante. Malia a pandemia, as listas de espera nas cirurxías prioritarias seguen por debaixo dos vinte días, e as vías rápidas de consulta por debaixo dos cinco. Nestes anos construíronse ou renováronse un centenar de centros de saúde, cinco están en obras e outros 28 están proxectados. E, como é sabido, modernizáronse todos os hospitais públicos de Galicia. Construíronse dous centros punteiros, en Vigo e en Lugo, ademais da ampliación do Hospital de Ourense. Implantouse tecnoloxía de vangarda que en certos casos é única no sistema público sanitario español. Por exemplo, o sistema HIFU contra o tremor esencial. Hai que citar



tamén os robots cirúrxicos Da Vinci, os avances en terapias celulares, en protonterapia. Todo o que abre a porta á esperanza nunha abordaxe personalizada do cancro tamén é algo que se conseguiu nestes últimos anos.

Desde logo, a sanidade pública segue tendo, e terá sempre, unha ampla marxe para mellorar. Pero no día de hoxe tamén é certo que hai máis profesionais ca nunca traballando para coidar da nosa saúde na sanidade pública. Hai 42.000 —6.000 máis que no ano 2008—. (*Aplausos.*) E como consecuencia de todo isto, e a pesar dos avances que —insisto— aínda quedan pendentes, e que haberá que ir conseguindo, os galegos volveron valorar os servizos sanitarios galegos coa nota máis alta desde que existen datos.

E tamén grazas a unha estrutura sanitaria áxil, dunha enorme capilaridade e sobre todo á incommensurable entrega dos profesionais sanitarios, Galicia foi a comunidade peninsular que mellor resistiu o impacto da pandemia. Máis de 570.000 galegos superaron a covid. Pero non hai que esquecer —e nunca o faremos— os 3.389 que non puideron facelo.

Pero hai que recordar tamén que se dispensaron máis de 6 millóns de vacinas nun tempo récord, nun esforzo histórico que nos permitiu controlar a expansión do virus, o que supón —se mo permiten— un certo orgullo de como fixemos as cousas en Galicia, un orgullo de país. Iso non quere dicir que non teñamos que seguir sendo prudentes. Segue habendo máis de 1.500 positivos cada día. E, polo tanto, estes meses durísimos que vivimos —e que imos deixando atrás, afortunadamente— non poden facer que esquezamos unha lección para o futuro: que debemos seguir sendo prudentes.

Tamén houbo que adaptar os outros dous puntais da sociedade do benestar, desa Galicia que acompaña os galegos desde o berce ata o bastón. Tanto no eido educativo como no dos servizos sociais atopamos, despois de trece anos, servizos fortalecidos por unha aposta continuada que fixemos por eles. Xa mesmo antes de que un bebé empeza a camiñar, a nosa sociedade do benestar comeza a arroupalo a través dunha educación infantil dunha enorme calidade, e non só polo contrastado nivel do proxecto educativo das escolas de Galicia —que o ten—, senón tamén porque a nosa é a única comunidade de España na que a educación de 0 a 3 anos é totalmente gratuíta para todas as familias en todas as escolas infantís de Galicia a partir do segundo fillo. Pois ben, a partir deste mes de setembro, co comezo do curso, tamén poderán beneficiarse desta medida todos os primoxénitos; é dicir, unha educación infantil universal para todos os nenos de ata 3 anos, con independencia da súa orde de nacemento. (*Aplausos.*) Deste xeito, señorías, serán máis de trinta mil as familias que se beneficiarán da gran aposta galega por universalizar unha etapa educativa que, a xuízo de todos os expertos, é fundamental para o desenvolvemento temperán do neno.

Suprimimos non só as barreiras económicas para o acceso á atención dos máis pequenos, senón tamén as xeográficas. Nos últimos anos abriron as súas portas en Galicia preto dun centenar de casas-niño en todos os lugares que o solicitaron.

Rexeitamos, desde logo, que a mellor forma de que o ensino sexa realmente igualitario sexa desvalorizalo, rebaixar a exigencia e demostrar unha confianza ben escasa no alumnado e no profesorado. Antes ben, a posición de Galicia é xustamente a contraria. Cremos e defendemos



que o mellor xeito de avanzar cara á igualdade de oportunidades é apostar por unha educación que conxugue a inclusión e a equidade co máis alto nivel formativo, especialmente para aquelas nenas e nenos que veñen de contornas desfavorecidas. Fomentar o esforzo e o mérito debe ser compatible cun sistema no que a todo o mundo se lle dea oportunidades para non quedar atrás. E non se trata, señorías, de baixar o listón para que se poida saltar máis facilmente. Non, non, trátase de impulsar a quen ten máis dificultades para que poida superar ese listón. Os resultados destes anos avalan o modelo que seguiu a nosa comunidade, este modelo ao que me estou a referir, ao modelo do esforzo. Hoxe rexistramos o menor abandono escolar temperán da nosa historia, caeu 17,7 puntos desde o ano 2009. E o informe PISA revela que o alumnado galego está á cabeza de España e por riba da media de España, da Unión Europea e do conxunto dos países desenvolvidos en competencias matemáticas, científicas e lectoras.

Estamos moi orgullosos do talento e do compromiso de todos os mestres e profesores de Galicia, que saben sobrepoñerse a unha política educativa que os gobernos da nación xa modificaron demasiadas veces —e ademais, habitualmente, non para mellor— e seguen acompañando os seus alumnos nunha etapa determinante da súa vida.

Este acompañamento non é só ás nenas e nenos. Iso é fundamental, pero tamén o estendemos a outros momentos da vida das persoas. En moitos momentos os cidadáns poden necesitar o apoio das súas administracións. Nalgúns casos por mor dun revés económico, noutros por discapacidade, noutros por sufrir os achaques e eivas propias da idade. Para todas esas circunstancias, a rede de protección social de Galicia foise reforzando durante estes últimos trece anos.

Blindamos a renda de inclusión social de Galicia —cando máis necesaria resultaba, ademais— e puxéronse en marcha medidas de urxencia, como a tarxeta básica. Consolidámonos como unha das comunidades que máis apoia as persoas con discapacidade, multiplicamos por 16 o número de persoas maiores que reciben o servizo de axuda no fogar e triplicamos o número de prazas públicas de residencia ao seu alcance.

E, señorías, se dedicamos uns esforzos tan intensos a reforzar os servizos públicos é porque sempre entendemos que a Xunta debía ter os pés firmes no presente pero tamén a vista erguida cara ao futuro. Entendemos que parte da nosa responsabilidade era conservar a confianza dos galegos de hoxe pero tamén deixar un legado do que puidesen desfrutar os nosos fillos, os nosos netos e as xeracións que están por vir.

Falo, en primeiro lugar, do noso medio ambiente. Galicia parte como alumna avantaxada na loita contra o quecemento global, pois nos últimos anos reducimos nun 36 % a emisión de gases de efecto invernadoiro. E, así mesmo, o compromiso e o esforzo de todas e de todos permitiu que os nosos ríos e as nosas costas, as nosas rías, experimentasen unha importantísima mellora na calidade das augas. Esta mellora estendeuse tamén ao ámbito urbano, á terra agraria e á forestal. Hoxe 113 concellos galegos contan xa cun plan xeral de ordenación municipal adaptado á normativa. Hoxe o noso rural conta con novas fórmulas para racionalizar a terra, como os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión conxunta. E hoxe dispoñemos dun plan forestal que conxuga aproveitamento e sustentabilidade. Un monte produtivo é un monte mellor protexido contra os incendios e contra os incendiarios.



Hoxe Galicia é tamén unha comunidade moito mellor vertebrada do que era hai trece anos, con máis vías de altas prestacións sen peaxes, o dobre de frecuencias de autobús —gratuítas para a xente nova en Galicia—, con estacións intermodais en Ourense e en Santiago —que xa están en funcionamento—, coas de Vigo e Pontevedra —que están a piques de facelo—, e coa da Coruña xa licitada. E seguimos traballando para que Lugo e Ferrol contén tamén cunha estación intermodal.

E no ámbito das infraestruturas dixitais, señorías, que son cada día máis importantes —fundamentais xa—, hai que dicir que o 99,96 % dos galegos —practicamente o cen por cento— dispoñen cando menos de cobertura móbil 4G; e case as tres cuartas partes, o 73 %, dispoñen de banda larga de 100 megas ou máis. Esta porcentaxe, ademais, queremos que antes de que remate este ano chegue ao 90 %. Os galegos estamos mellor conectados, e tamén ten moito que ver niso o idioma e a cultura galega. Señorías, pulamos por unha lingua que non levante novas fronteiras senón que sirva precisamente para o contrario, para tender pontes. E por iso estreitamos —e ímolo seguir facendo— lazos coa lusofonía. Estamos a traballar para que os asistentes de voz —como Siri ou Alexa— falen, ¿por que non?, tamén galego.

A cultura galega está a vivir un momento de eclosión, non só nos ámbitos onde leva anos existindo unha produción de moi alta calidade —como a literatura, o teatro ou a música—, senón tamén en campos cun enorme potencial de crecemento, como os audiovisuais ou a produción de videoxogos, que en Galicia ten unha altísima calidade.

E, señorías, a vontade dos gobernos que conformamos desde o 2009 pode resumirse nunha frase ben sinxela despois de todo o que acabo de dicir: deixar unha Galicia mellor da que atopamos. (*Aplausos.*) Hoxe contamos cunhas institucións saneadas, contamos cunha economía forte que loita por superar os efectos da pandemia, contamos cunha sociedade do benestar máis robusta que nos axudou a resistila, e cun patrimonio común que serve, máis ca nunca, para unir aos galegos.

Preséntome ante esta Cámara coa satisfacción e o orgullo de ter formado parte dun goberno que cumpriu con Galicia, e tamén —e quero dicilo— co recordo moi presente dun dos compañeiros que mellor entendían o verdadeiro significado da palabra “servir”; un home ao que era fácil admirar incluso cando se discrepaba con el. Valeriano Martínez seguirá sendo un referente para min e para moitos dos que estamos nesta Cámara en todo o que emprendamos. (*Aplausos.*)

Señorías, eu non quero ser presidente da Xunta para fotocopiar as últimas páxinas da nosa historia, aínda que foron memorables —e créoo sinceramente—. Eu quero ser presidente da Xunta para escribir, entre todas e todos, algunhas das mellores liñas do noso futuro. A ilusión coa que afronto esta nova etapa non me impide ver as dificultades que os fogares e os galegos en xeral están a pasar nestes momentos; ao contrario, ao que me axuda é a velas máis claras. O que os cidadáns esperan de nós eu teño claro que non son frivolidades nin dogmas nin utopías. O que esperan é que aliviemos as súas dificultades, que fagamos nosas as súas prioridades e, sobre todo, que por riba de todo lles digamos sempre a verdade.

A situación global que atopamos neste 2022 encerra non poucos retos, eu son perfectamente consciente. É certo que invasión rusa de Ucraína tensou as costuras do sistema económico



español e tamén é certo que deixou ao descuberto eivas acumuladas ao longo dos últimos meses e dos últimos anos —dende logo, é certo que non todas elas imputables ao Goberno central, pero si unha boa parte delas—.

As familias galegas padecen hoxe unha inflación desbocada, e que está agravada por un severo encarecemento do prezo da luz e dos combustibles. Dende logo, entre as causas disto está unha ruptura enerxética atropelada, guiada máis por intereses políticos que polo interese xeral, e que en Galicia está facendo especialmente dano. E neste complexo cruce de camiños económicos, neste complexo escenario social, é onde nos atopamos hoxe en día, señorías; e, polo tanto, é o que hai que afrontar e intentar mellorar. Eu non estaría dicindo a verdade se prometese que Galicia está totalmente a salvo de todos estes riscos, pero o que lles aseguro é que a Xunta vai traballar sen descanso para que esteamos o mellor preparados para superalos.

En tempos incertos é especialmente importante vacinarse fronte á improvisación. ¿E como? Pois como houbo que facelo sempre: a través dunha planificación sensata, pensada con tempo e realista. A nosa é coñecida e recoñecida, está recollida no Plan estratéxico 2020-2030, que aprobou o Consello da Xunta hai dous meses e que, naturalmente, mantén —na miña opinión— toda a súa vixencia. E, polo tanto, o meu proxecto para os vindeiros anos vai asentarse sobre tres piares fundamentais, tres eixos de actuación do futuro goberno autonómico que coinciden —créoo sinceramente— coas preocupacións que nos trasladan os galegos: o traballo, a familia e o futuro.

O primeiro é o traballo. Queremos unha Galicia que cree cada vez máis postos de traballo e dunha mellor calidade; e, para logralo, apostaremos por un crecemento económico sostible e centrado nas persoas. Estou falando dun mundo laboral que teña as galegas e os galegos no centro, porque o traballo é moito máis que un medio de subsistencia. É tamén, sen ningunha dúbida, a mellor política social, é a mellor vía para a autonomía persoal —especialmente para os máis vulnerables—, e é unha parte fundamental, ao final, da nosa vida cotiá.

Apostar polo traballo de calidade é apostar pola calidade de vida. Estou totalmente convencido. E, polo tanto, e como sei que se trata dun eido que a miúdo se converte en diana dos populismos de todo signo, teño que dicir que as fórmulas máxicas non existen. A creación de bos empregos pasa necesariamente por un axeitado desenvolvemento económico previo. Polo tanto, os nosos obxectivos económicos —como dicía antes— son coñecidos, están cuantificados e planificados nese Plan estratéxico 2020-2030. Buscamos un crecemento medio do PIB de entre o 2 % e o 2,5 % anual ao longo de toda a década —vai por riba da media nacional—. E queremos tamén unha redución de 4 puntos no desemprego, de xeito que no ano 2030 a taxa de paro de Galicia estea no contorno do 8 %.

Este crecemento económico da Galicia dos vindeiros anos quero que se asente sobre unha serie de piares sólidos.

O primeiro é a consolidación dunha industria sustentable, que teña proxectos tractores que impulsen o crecemento das pemes e xeren emprego tamén no rural. Falo, por exemplo, da



fábrica de fibras téxtiles sostibles de Altri, que se vai instalar, como saben, en Palas de Rei, que vai supoñer un investimento de 800 millóns de euros e que vai abrir a porta a 2.500 novos empregos directos e indirectos. Desde logo, vai supoñer un antes e un despois no sector forestal galego e tamén na provincia de Lugo. (*Aplausos.*)

Falo tamén da consolidación dos sectores nos que tradicionalmente fomos e somos máis fortes, como a automoción, o agroalimentario e o téxtil, coa multinacional máis grande e mellor —sen ningunha dúbida— de todo o mundo, que está aquí en Galicia.

Falo do impulso de sectores emerxentes como o aeroespacial ou o biotecnolóxico —que xa non son futuro, son un presente ilusionante—.

E, por suposto, do apoio ao emprendemento. Galicia é a terceira comunidade de España onde se perciben máis oportunidades para emprender. E isto, desde logo, non é froito da casualidade, senón de programas —podería citar moitos—, de espazos *coworking* que van xurdindo cada vez máis, de aceleradoras de empresas en ámbitos estratéxicos; en definitiva, dun traballo que vén destes últimos anos e que está planificado e seguirá estando planificado. A Xunta vai apoiar proxectos empresariais con novos itinerarios, con novos instrumentos —especialmente nas contornas rurais—. Imos crear 12 polos de emprendemento no entorno rural, e seguiremos pensando que o emprendemento é fundamental para Galicia.

E como último eixo tamén é fundamental a simplificación administrativa, señorías. Quere-mos que as empresas poidan dedicar menos tempo a cubrir papeis e máis a xerar negocio e, con iso, xerar riqueza para toda Galicia.

No sector marítimo poremos o foco no cambio xeracional, en blindar un marco equitativo de traballo para a frota a nivel global e que siga crescendo como creceu estes últimos anos.

No ámbito rural seguiremos traballando para esa remuda xeracional, que é necesaria, e para seguir recuperando con sentidiño a nosa terra agraria e seguir poñéndoa en valor.

Para eses 150.000 galegos que están a buscar traballo, a Xunta de Galicia vai contratar 136 novos orientadores laborais, incrementar nun 80 % o investimento en formación e crear un campus virtual de formación para o emprego que non ten equivalente agora mesmo en España. (*Aplausos.*)

O segundo eixo fundamental dicía, señorías, que é o da familia. Sumando oportunidades de traballo lograremos multiplicar as posibilidades coas que contan os galegos para formar unha familia, sexan cales sexan as súas preferencias á hora de formala ou de entendela. Té-monos referido en numerosas ocasións a Galicia como o mellor lugar para nacer. Isto é moito máis ca un reclamo publicitario, é toda unha declaración de intencións e ten que seguir séndoo. Agora, que cada vez máis cidadáns de todas partes escollen con liberdade e con amplitude de miras o lugar no que se asentán e forman unha familia, nós queremos ser a primeira opción para todos eles, empezando, naturalmente, polos que viven aquí e tamén polos que tiveron que marchar e queren volver.



Os máis de medio millón de galegos no exterior están lonxe fisicamente pero sempre presentes para este goberno. Galicia é moito máis ca un lugar xeográfico, é unha comunidade de afectos, e nestas cousas é onde hai que demostralo. Polo tanto, queremos que, se así o desexan, poidan volver á que sempre foi a súa casa, coma os máis de 22.000 que xa o fixeron nos últimos tres anos. E por iso deseñaremos un proxecto específico para apoiar a empregabilidade e o emprendemento dos membros da diáspora que decidan volver á nosa terra.

No caso de que decidan continuar vivindo fóra, alí onde arraigaron, seguirán por suposto a contar tamén co apoio da sociedade galega e do seu goberno, especialmente os que máis o precisen, cunhas axudas sociais que estarán á súa disposición para conseguir medicamentos ou afrontar as súas necesidades máis básicas.

O apoio, señorías, ás familias e os incentivos para os que queren volver á nosa terra son parte da fórmula de Galicia para afrontar a maior hipoteca que pesa sobre o noso futuro, a maior ameaza: o reto demográfico. E, polo tanto, tras converternos en pioneiros a nivel nacional lexislando sobre esta materia, correspóndenos agora seguir sendo líderes con medidas que trasladen aos fogares galegos o máximo apoio posible, con medidas reais, con medidas demandadas e que se necesiten.

Galicia debe arroupar a todos os galegos, e iso significa tomar máis medidas ca ninguén para protexer, en primeiro lugar, a saúde dos máis pequenos. Por iso, se obtengo a confianza deste Parlamento, anuncio que Galicia vai incorporar de xeito totalmente gratuíto para as familias tres novas vacinas ao calendario infantil: a da meninxite B, a do virus do papiloma humano para os nenos e a antigripal tetravalente. *(Aplausos.)* Con estas tres novas vacinas, Galicia vaise converter na comunidade autónoma cun calendario vacinal infantil máis completo. E, por suposto, solicitaremos ao Ministerio de Sanidade que estenda este beneficio ao resto de España.

Señorías, Galicia debe arroupar a todos os galegos e queremos que todo o alumnado galego o sinta así. No noso sistema educativo non caben os abusóns. Os colexios e institutos galegos, ao carón das familias, van combater de xeito decidido o acoso escolar con todas as ferramentas ao seu alcance a través dunha nova estratexia galega de convivencia escolar. Unha das grandes prioridades deste goberno en materia educativa —e temos moitas— será combater unha lacra que, aínda que aquí, afortunadamente, se dá menos que noutros lugares de España, inflíxe sen dúbida unha dor inmerecida aos nenos que a sofren e tamén ás súas familias. En Galicia, «¡acoso escolar, nunca máis!»». *(Aplausos.)*

A nosa comunidade debe arroupar a todos os galegos, e queremos que a rapazada poida pasar un verán, este mesmo verán, inesquecible despois de todo o que temos sufrido nestes meses. Por iso, mañá mesmo presentaremos a maior oferta de campamentos e campos de voluntariado da historia: máis de 10.800 prazas —3.000 máis có ano pasado—.

Galicia debe arroupar a todos os galegos, e arroupar tamén é axudar os nosos a cumprir os seus obxectivos en plena transformación dixital da sociedade. Por iso investiremos máis de 200 millóns de euros en reforzar a aprendizaxe de idiomas e de competencias STEM. Aquí, señorías, non adelgazamos os currículos, antes ao contrario, enriquecémoslos con máis linguas e máis innovación.



E profundaremos tamén no impulso histórico que recibiu nestes anos a formación profesional, que xa é máis prestixiosa ca nunca —e aínda ten percorrido—. Nesta lexislatura investiremos 900 millóns en mellorar as titulacións, a dotación tecnolóxica dos centros, en impulsar a FP dual e en engraxar o necesario e imprescindible nexo coas empresas. O símbolo deste avance en innovación e especialización será ese Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, que abrirá as súas portas en Ourense antes de que remate este ano. E como queremos reforzar a nosa posición como comunidade de referencia na formación profesional, anuncio que esta opción educativa, a FP, a formación profesional, contará cun centro directivo propio dentro do organigrama da Xunta de Galicia, que se encargará de afrontar todos os seus desafíos específicos. *(Aplausos.)*

No ámbito universitario mobilizaremos un récord de máis de 3.200 millóns de euros ata o ano 2026. ¿Para que? Pois para situar as tres universidades públicas galegas no mapa das mellores institucións de ensino público de España e de Europa, con máis innovación na docencia, máis investigación e unha vocación internacional máis consolidada.

Para ofrecer todas as opcións aos estudantes galegos e aos de fóra que queiran vir estudar aquí, e para ofrecer unha educación superior acorde cos novos retos da sociedade, nos próximos anos poranse en marcha 15 novos máster e unha ducia de novos graos no noso sistema universitario público galego para que ningún estudante que non queira teña que saír de Galicia para facer a carreira soñada.

E, en paralelo, a universidade galega seguirá sendo a máis accesible de España, pois manterémonos como a comunidade autónoma con taxas de acceso máis baixas de todas as universidades —as tres—.

Señorías, a Galicia das familias seguirá traballando por unha sanidade pública áxil e de primeira calidade, comezando polo seu elemento vertebrador: a atención primaria. Somos conscientes, por suposto, de que os centros de saúde son para moitos galegos o gran símbolo da sociedade do benestar. A todos eles podemos dicirlles que nos vindeiros anos culminaremos a maior reforma da atención primaria da Galicia autonómica: ofreceremos 106 prazas da nova categoría de facultativo especialista que integra a atención ordinaria coa dos PAC; avanzaremos no uso da telemedicina, integrando na historia clínica electrónica a información dos dispositivos de seguimento da saúde, como cardioimplantables, marcapasos, bombas de insulina ou medidores de glucosa; reforzaremos a autonomía dos centros a través da extensión dos plans locais de saúde e potenciaremos o papel da xefatura do servizo na coordinación dos centros de saúde; e ao longo dos vindeiros meses seguiremos avanzando na mellora salarial para recompensar o esforzo que fai o persoal sanitario da atención primaria. *(Aplausos.)*

Desde logo, pódolles asegurar unha cousa: Galicia fará todo o que estea na súa man para mellorar a atención primaria, porque somos conscientes da súa importancia. Teño que dicir que todos e cada un dos especialistas en medicina de familia teñen abertas as portas do Servizo Galego de Saúde. Serán contratados automaticamente todos e cada un. Todas e cada unha das prazas que nos conceda o Goberno central para formar novos especialistas cubríremolas automaticamente, ¡todas e cada unha!



A sanidade pública require ser abordada coa máxima ambición pero tamén co máximo rigor. Aquí, señorías, non caben promesas imposibles que son moi fáciles de facer e moi difíciles, ou imposibles, de cumprir, e que tan só xeran falsas expectativas. O que Galicia necesita son avances concretos como os que vivimos nestas lexislaturas e os que seguiremos construíndo xuntos.

E tamén avanzaremos con feitos nun dos ámbitos que máis preocupación esperta —e con razón— na nosa sociedade, que é a saúde mental. Os especialistas xa están apuntando a que unha de cada catro persoas padecerá un trastorno mental ao longo da súa vida. É unha cifra preocupante, dende logo, e que nos fai reflexionar sobre algúns aspectos do noso estilo de vida. Para atender todas estas casuísticas Galicia conta cun plan de saúde mental con medidas para toda a lexislatura, que contempla, por exemplo, a contratación de 240 profesionais —dos que a metade xa están incorporados e traballando—.

Seguiremos traballando, e centrarémonos con especial intensidade, no benestar dos adolescentes, que sufriron moito durante esta pandemia. Farémolo cun paquete de medidas que inclúe, entre outras, un sistema de detección precoz de episodios de saúde mental que sexan alarmantes e que contará —é necesario que o faga— coa implicación do sistema educativo e dos profesionais sanitarios.

No eido da inclusión social atenderemos tamén os que saíron peor parados da pandemia. Por unha parte —para aqueles que xa partían dunha posición de maior vulnerabilidade—, neste ano Galicia aprobará unha nova lei de inclusión social para darlles resposta ás familias que están nunha peor situación socioeconómica e facilitar que poidan labrar de forma autónoma o seu propio futuro. E, pola outra, a preocupación e a atención da sociedade cara ás persoas maiores debe seguir nun primeiro plano, como ata o de agora, aínda despois da remisión dos momentos máis duros da covid-19 —incluso agora con máis razón—.

Somos conscientes, señorías, de que moitos maiores senten que o mundo moderno non está feito para eles, que moitos trámites do día a día, e cada vez máis, se deseñan pensando máis na xente nova que na xente de máis idade. Os maiores teñen moito que achegar á sociedade galega, non en clave de presente nin moito menos de pasado, senón en clave de futuro. As institucións así o temos que reflectir, e por iso todas as oficinas da Xunta contarán cunha canle preferente e máis humana para atender a xente de máis de 65 anos. *(Aplausos.)*

E para atendelos cando chegan as dificultades a nosa comunidade vai dotarse nesta mesma lexislatura de dúas mil novas prazas públicas especializadas en coidalos, con —entre outros servizos— sete novas residencias financiadas pola Fundación Amancio Ortega e coa construción de centros de titularidade municipal co apoio económico da Xunta de Galicia. Tamén nesta lexislatura reduciremos á metade os trámites e os tempos que deben esperar os galegos para acceder a unha axuda ou servizo de atención á dependencia, dos que xa gozan no día de hoxe 66.000 galegos —catro veces máis que hai trece anos—. Avanzaremos cara a un novo modelo de coidados aos maiores, con máis tecnoloxía, máis coordinación sociosanitaria, uns centros mellor organizados e unha atención máis próxima e máis sensible, para que calquera galego, sen importar a súa idade ou onde resida, se sinta sempre no seu fogar.



A construción dunha Galicia que arrope mellor a todos os galegos pasa tamén necesariamente por seguir reformando e modernizando o servizo público da xustiza. Imos avanzar nos dous vectores de modernización que inspiraron o noso traballo estes anos. Por unha parte, a mellora das infraestruturas. Aí está a Cidade da Xustiza en Vigo, que se inaugurará en poucos días —o mellor edificio xudicial de España—. E a próxima construción empezará tamén en poucos días: os novos xulgados da Estrada. Tamén —e isto é moi importante—, a nivel tecnolóxico, no 2023, o cen por cento, a totalidade, das salas de vistas contarán con medios dixitais, serán salas dixitais.

Sen afastarnos das preocupacións cotiás dos galegos, dicía que o primeiro e fundamental piar era o traballo; o segundo, a familia; e o terceiro é o futuro, que, se mo permiten, engloba todo o demais.

Señorías, debemos ser quen de seguir trazando entre todos as liñas mestras do futuro de Galicia. E ten que ser unha evolución tranquila, como ata o de agora, pero ten que ser unha evolución que reforce a nosa posición nun mundo que está cada vez máis interconectado e onde a fronteira entre o local e o global é cada vez máis difusa.

Falar de futuro é falar da xuventude de Galicia. Cada moza e cada mozo ten diferentes experiencias, ten distintas expectativas, ten prioridades diversas, pensan, actúan e deciden pola súa conta. En definitiva, son libres. E por iso os intentos continuos dalgúns por monopolizalos, por homoxeneizalos, baten seguido cunha realidade: os galegos máis novos pensan e actúan como lles peta, sen corsés ideolóxicos. *(Aplausos.)*

Coñezo as dificultades que vive a mocidade galega baixo a sombra dunha precariedade que lle impide facer plans a longo prazo e que moitas veces a ata á casa dos seus pais por moito máis tempo do que lle gustaría. Polo tanto, a Xunta terá a mocidade galega no máis alto das súas prioridades, non como aposta de futuro senón como aposta de presente, porque son o presente.

E adquirimos coas mozas e mozos galego tres compromisos:

O primeiro é que traballaremos para facilitarlles o acceso a un emprego digno, a unha formación de primeiro nivel e a unha vivenda que lles permita arraigarse alá onde queiran vivir.

O segundo é que escoitaremos a mocidade sen dogmas nin prexuízos. Insisto, son libres, opinan libremente.

E o terceiro é que faremos o necesario para brindarlles as oportunidades que merecen, porque ademais non me cabe dúbida de que saberán aproveitalas. Por exemplo, por citar un exemplo, poremos en marcha novas medidas de acceso á vivenda. A partir deste ano os menores de 35 anos, e os menores de 40 con fillos, poderán acceder a avais do 15 % da hipoteca para a adquisición de vivenda. E imos incrementar a oferta de vivenda a prezos accesibles con mobilización de 1.300 vivendas públicas.

No eido ambiental, señorías, apostaremos polas enerxías renovables. E non por imperativo do contexto internacional actual, que tamén, senón, e especialmente, por unha convicción



que levamos anos demostrando. Queremos unha Galicia máis verde, queremos unha Galicia que sexa referente no sector eólico, na eólica mariña, no hidróxeno verde e no biogás. Ao final desta década, as enerxías limpas teñen que representar o 85 % do *mix* de xeración eléctrica na nosa comunidade.

E apostaremos tamén, como non, pola investigación científica de alta calidade e por que os seus resultados se transfiran ao conxunto da sociedade, que se transfiran aquí, se é posible, a Galicia. E, para iso, a Xunta desenvolverá un programa para dar estabilidade laboral aos nosos investigadores.

Apostaremos tamén pola posta en valor do noso patrimonio natural e cultural. Eu creo que a mellor maneira de conservar o noso acervo é dándolle unha utilidade e compartíndoo co mundo. O turismo é moito máis que unha actividade económica. Ben xestionado, é o mellor xeito de presumir e de aproveitar o enorme potencial que ten Galicia. É un feito que a pandemia supuxo un parón en seco para todo o turismo, o nacional e tamén o internacional, pero para a nosa comunidade non se tratou dun punto final, senón dun punto e seguido, como puidemos ver inmediatamente. No primeiro trimestre deste ano, Galicia recuperou o 90 % da demanda turística que tiña antes da pandemia. E neste rexurdir, sen ningunha dúbida, ten un peso importantísimo o buque insignia: o Camiño de Santiago, o Xacobeo.

No que levamos de 2022, segunda parte deste Xacobeo bianual, recibimos xa máis de 60.000 peregrinos, superamos amplamente o récord do mellor ano, que foi o ano 2019. Estamos atraendo máis xente que antes da pandemia. Pero, naturalmente, non nos conformamos. Creo e cremos que Galicia aínda pode atraer moitos máis visitantes durante este bienio santo e durante os anos santos que veñen por diante nesa década xacobeá.

Hai previstos investimentos na conservación e mellora das rutas, dos albergues e dos bens de interese cultural, ademais dunha amplísima programación cultural —máis de trescentos artistas de primeiro nivel integrarán o recentemente presentado ciclo de concertos do Xacobeo—. E queremos tamén abrir o Camiño a novos públicos, facilitar que o percorran as familias, os ciclistas e o turismo náutico —cada vez máis en auxe—. E como queremos incentivalo, e incentivalo con novas liñas e novas fórmulas —queremos que as rutas xacobeas non sexan, que xa non o son, ou que non se centren na peregrinación, especialmente, do verán—, a Xunta vai lanzar o Bono Xacobeo Xove, que bonificará as estancias nos albergues do Camiño para as mozas e mozos de entre 18 e 30 anos durante a primavera, o outono e o inverno. (*Aplausos.*)

Como queremos apostar polas potencialidades turísticas específicas que ten Galicia —que son un tesouro e que agora se poñen en valor máis ca nunca, como a enogastronomía, a nosa costa, as marabillas da nosa costa, as paisaxes e tantas cousas—, queremos apostar tamén por todo o que ten que ver coa nosa condición de comunidade termal. Polo tanto, se son escollido presidente, crearei unha área específica de termalismo dentro do organigrama da Xunta de Galicia, que estará encargada de coordinar todas as actuacións sanitarias e lúdicas nesta materia e que terá a súa sede —como é natural— na segunda cidade termal de Europa, a cidade de Ourense. (*Aplausos.*)



Señorías, eu quero ser presidente da Xunta de Galicia porque creo profunda e sinceramente nesta terra, creo en Galicia como punto de encontro de todos os galegos, os dos dous hemisferios, dos nados aquí e dos nados fóra, falen a lingua que falen e pensen como pensen. Creo en Galicia como destino, nunha terra forxada polos camiños que levan a ela desde todas as partes do mundo. O importante non é de onde veñas, senón a onde te queres dirixir e o que queres facer.

Creo na Galicia da cooperación institucional, na que os concellos e a Xunta teñen que traballar xuntos polo ben común. Isto é o que demandan os veciños. Con ese fin crearemos, coa Universidade de Vigo e Red Localis, unha cátedra de bo goberno local, para perseverar neste obxectivo.

Creo nunha Galicia cunha tripla identidade, á vez galega, á vez española e á vez europea, e que se diga ben alto, sen complexos e con orgullo.

Creo na Galicia da igualdade real que faga desaparecer as trabas cotiás que aínda existen, as que padecen as mulleres polo feito de selo, e que bote polo sumidoiro da historia a súa manifestación máis cruel e execrable, que é a violencia machista.

Creo nunha Galicia cun enorme potencial, á que o futuro lle reserva grandes logros e que nos convida a todos a que os academos xuntos.

Creo nunha Galicia aberta ao mundo. Fronte ao nacionalismo que pretende encerrar a nosa voz dentro dos límites das fronteiras da nosa comunidade autónoma e fronte a ese centralismo que o que busca é o contrario, diluíla e neutralizala, nós —o meu goberno— traballaremos para que as prioridades, os problemas, as achegas e os éxitos de Galicia se escoiten máis alá do Eo, do Miño e do Padornelo, para que se escoiten en España, en Europa e en todo o mundo. (*Aplausos.*) Alfredo Brañas, precursor do galeguismo, deixou escritas unhas liñas que, máis dun século despois, manteñen toda a súa vixencia e toda a súa veracidade. Decía que «nos momentos de proba, España sempre atopou a súa salvación nese espírito que tanto empeño poñen en destruír os mercaderes da política: no amor ao terruño, na pequena patria, sen a cal a grande hai tempo que tería deixado de existir».

Eu creo que os acontecementos dos últimos meses deixan meridianamente claro ata que punto España necesita a Galicia, segue necesitando a Galicia. Galicia debe manter e ampliar o peso e o prestixio que gañou estes anos no concerto nacional. Naturalmente, seguiremos sendo leais. A nosa comunidade non tensionará xamais as costuras dun Estado que, agora máis ca nunca, necesita manterse firme fronte ás ameazas que está enfrontando. Pero, desde logo, señorías, é importante non confundir lealdade con submisión. Estar calados ante o que consideramos desacertos sería precisamente unha grave mostra de deslealdade que, dende logo, eu non vou cometer. E por iso reivindicaremos, seguiremos reivindicando, para todos os galegos o que consideremos que en dereito nos corresponde, como fixemos xa reclamando os 225 millóns de euros que nos debía o Goberno central pola recadación do IVE e que non nos aboou ata que llo exixiu o Tribunal Supremo; e como facemos e seguiremos facendo defendendo un novo modelo de financiamento autonómico na liña do que asinamos oito comunidades hai uns meses en Santiago de Compostela —comunidades



gobernadas por todos os partidos políticos —, que o que buscaban é que todos os españois, vivan onde vivan, teñan as súas necesidades cubertas con eficacia e con equidade. Seguiremos reclamando isto.

Seguiremos reivindicando novas competencias, seguiremos insistindo naquelas que reclamamos e non nos concederon, e seguiremos defendéndonos, por certo, fronte a este furor que ultimamente lle entrou ao Goberno central á hora de impugnar as normas emanadas deste Parlamento e do Goberno da Xunta de Galicia. Tamén seguiremos loitando contra iso.

Porque, ademais, o Goberno central parece ser refén de todos cantos intereses existen, nacionais e estranxeiros, do propio Goberno internamente e dos seus socios —incluídos os que ten neste Parlamento—. Ao final é refén de todo menos dos intereses xerais.

Polo tanto, eu négome a formalizar o feito de que o futuro de España estea nas mans daqueles cuxo proxecto político precisamente é a disolución de España, négome a iso. E irrírame o crecente atrevemento co que o actual executivo pretende utilizar de xeito partidista as institucións do Estado, desde a política exterior ata os órganos de goberno da xustiza. Desacógame tamén sentir que a deslealdade se premia con concesións e boas maneiras mentres que o sentido de Estado se paga con desplantes e cuns incumprimentos tan reiterados que custa pensar que sexan froito da casualidade.

Non comparto a forma de facer política que pareceu instalarse na Moncloa, e seguirei, desde Galicia, defendendo os principios que os galegos votaron catro veces cunha contundente maioría. (*Aplausos.*)

Se obteño o respaldo deste Parlamento, na miña primeira semana como Presidente da Xunta recordareille ao presidente do Goberno os compromisos coa nosa terra que aínda faltan por cumprir e solicitareille, como é normal, unha audiencia para abordar de xeito conxunto a maneira de subsanalos.

Gustaríame compartir con vostedes dez preguntas que lle trasladarei ao presidente Sánchez a modo de resumo de todas estas reivindicacións e esta defensa dos nosos intereses.

A primeira será: ¿por que seguen sen permitirnos crear novas prazas de formación de médicos de familia e por que seguen sen crear a especialidade de medicina de urxencias e emerxencias?

A segunda será: ¿por que seguen sen achegar o que lles corresponde ao financiamento da dependencia, que provoca que aumente cada ano unha débeda que xa supera os 2.100 millóns de euros?

Preguntareille tamén por que segue sen existir unha implicación sincera e suficiente co Xacobeo, con máis fondos europeos e máis tempo de desgravación para os patrocinadores que querían colaborar co Xacobeo e non van poder.



Preguntarei, en cuarto lugar, por que segue sen recoñecérsenos que somos a comunidade mariñeira por excelencia, por que se nos nega unha sede do Instituto Oceanográfico e por que se aboca ao peche a máis de cen empresas que traballan no litoral por unha normativa de costas inxusta que debe ser derogada. (*Aplausos.*)

Preguntareille tamén por que non se cobren o cen por cento dos efectivos da Policía Autonómica, precisamente nun ano no que eran máis necesarios ca nunca, un ano xacobeo de enorme afluencia turística.

Preguntarei tamén por que se lle negan á provincia de Lugo as conexións por autovía e por tren de alta velocidade, que levan tantos e tantos anos comprometidas.

Preguntareille, en sétimo lugar, por que non se apoia o corredor atlántico —ao mesmo nivel, cando menos, en que se está apoiando o corredor mediterráneo— e cantos máis anos imos ter que esperar pola transferencia da AP-9 —acompañada, iso si, da dotación orzamentaria necesaria—.

E tamén lle preguntarei por que se empeña en bloquear a transformación económica da comarca de Ferrolterra, por que se mantén cunha liña ferroviaria de hai dous séculos e por que non existe en absoluto implicación no Pacto de Estado por Ferrol? (*Aplausos.*)

Tamén lle preguntarei por que parece, dun xeito moi preocupante, excluírse a automoción galega do PERTE do vehículo eléctrico e conectado, o que pon en risco unha industria estratéxica para Galicia.

E preguntarei por que se empeña en seguir penalizando fiscalmente as herdanzas en vida, que é unha figura que recolle o noso dereito civil e á que se acolleron xa neste últimos anos máis de douscentos mil galegos.

Xunto a estas preguntas —que poderían ser moitas máis—, tamén recoñecerei que houbo avances; por exemplo, a chegada —despois de moitos anos de espera— do AVE a Galicia. Pero son avances que aínda distan moito de estar completos e cumpridos. E, polo tanto, seguiremos reclamando que se cumpran. Aínda non dispoñemos dos trens Avril, que permitirán achegar o AVE a Santiago, Pontevedra, Vigo e A Coruña. Seguiremos reivindicando, polo tanto, que a alta velocidade galega non sexa nin máis nin menos lenta que a do resto de España —sobre todo despois de tantos anos esperando—. Tamén lle reclamarei iso.

Señorías, ser reivindicativos é o noso xeito de ser leais. Éo con España e tamén coas institucións europeas. Á hora de conseguir que Europa atendese as demandas desta esquina da península, contamos —e non me vaia esquecer— cun aliado fundamental, que son os nosos aliados do outro lado da raia, Portugal —e especialmente o norte de Portugal—. Así foi como logramos que Galicia sexa a segunda comunidade autónoma que máis financiamento recibirá durante o período operativo 2021-2027 —máis de 3.200 millóns de euros— para seguir modernizando a nosa terra e para seguir estreitando eses lazos estratéxicos co norte de Portugal na nosa eurorrexión. Traballando xuntos nestes anos captamos un in-



vestimento europeo de máis de 160 millóns de euros e somos líderes en proxectos de cooperación transfronteiriza, de I+D+i, culturais, turísticos e económicos. Galicia, desde logo, tampouco vai desaproveitar a enorme oportunidade da proximidade lingüística coa lusofonía. Temos unha lingua que nos abre as portas dunha comunidade de máis de douscentos millóns de falantes por todo o mundo. Polo tanto, nesta lexislatura poremos en marcha o Plan acredita portugués, un sistema de certificación para que o alumnado galego poida demostrar as súas competencias na lingua portuguesa, dentro da convicción de que a aprendizaxe de idiomas sempre suma e nunca sobra. Seremos máis libres canto máis plurilingües sexamos.

Señorías, eu non son nin aspirarei a ser Albor nin Laxe nin Fraga nin Touriño. Tampouco son, nin podo —non vou intentalo en ningún caso— ser Alberto Núñez Feijóo. Eu son Alfonso Rueda e traballarei para ampliar e mellorar o legado destes anos de goberno. *(Aplausos.)* Cambia un dos camiñantes, pero o camiño continúa.

Galicia eu quero que siga sendo un país onde se viva en paz, onde se viva en xustiza, onde se viva en progreso, onde haxa benestar social. E para que Galicia viva en liberdade, temos a obriga moral e o compromiso formal de seguir traballando arreo para que este, o noso país, sinta que o futuro e ningún caso vai ser cativo. Xa somos e temos que seguir sendo unha comunidade moderna, culta e próspera, cun equilibrio económico e social e cunha auténtica solidariedade.

Estou convencido de que Galicia está en condicións de representar un papel protagonista e de contribuír de forma importante —como dicía o presidente Touriño— á definición do proxecto común de España; porque se hai un pobo e se hai unhas xentes que comprenden o senso máis profundo da idea de España e da idea de Europa, ese é, somos, o pobo galego.

Que poidamos entrelazar estas frases que pronunciaron os nosos cinco presidentes autonómicos que ata o de agora desenvolveron esa enorme responsabilidade, e que o conxunto soe harmónico e coherente, eu creo que é a mostra máis palmaria de que a historia democrática de Galicia non coñeceu nin vai coñecer bruscas rupturas, senón unha sa continuidade. Cada un con matices propios, todos foron e seremos moderados, porque todos fomos e seremos un fiel espello do noso pobo, que así é, moderado.

Eu síntome honrado de continuar a participar desta obra coral, que é a construción da Galicia do futuro. Pero o protagonista teño claro que é o pobo galego, un pobo humilde, un pobo traballador, entregado e familiar, orgulloso e nunca xamais soberbio. Este pobo mereceu todo, e eu todo o darei para que logre as metas que se propoña e que merece. *(Aplausos.)*

Nesta semana, señorías, comeza unha nova etapa da nosa longa ruta colectiva. E, polo tanto, despois de moitos logros —e, ¿por que non dicilo?, dalgún fracaso tamén—, despois de desencontros e tamén de reconciliacións, despois de galegos que marcharon e de moitos máis que volveron, e co recordo dos que nos deixaron no vieiro e a ilusión dos que aínda están por sumarse, ao carón da nosa xente eu serei —e comprométome— un camiñante máis.



Moitísimas grazas. *(Prolongados aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rueda, señor candidato.

A intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136 do Regulamento, será o xoves, día 12 de maio, ás once da mañá.

Suspéndese a sesión ata ese día ás once da mañá.

Suspéndese a sesión ás dez e corenta e oito minutos da mañá.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

